

EXPTE: 12/2015 E.L. OBRA DE: "Acondicionamento de praias do concello de Sanxenxo na tempada de verán do ano 2015".

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do concelleiro de infraestruturas e obras de data 12 de maio de 2015, que a continuación se transcribe:

"ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista da proposta desta concellería de servizos sociais e medio ambiente de incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 29/04/2015, que de xeito literal di:

"Incoado expediente de contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, das obras sinaladas no encabezamento da presente proposta, por providencia da alcaldía de data 15 de abril de 2015.

*En base ó informe do interventor de data 22 de abril de 2015 que indica que pola contía o contrato pode ser menor e en aras a conseguir unha maior axilidade na tramitación do expediente dada a proximidade á época estival, **propoño:***

1) *Que a tramitación do expediente de contratación "Acondicionamento das praias do concello de Sanxenxo na tempada de verán do ano 2015", cun orzamento de **CINCUENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS CON ONCE (56.872,11) EUROS** (IVE incluído), se realice conforme os trámites do contrato menor.*

2) *Solicitar á empresa que se relaciona de seguido, para optar a contratación das obras "Acondicionamento de praias do concello de Sanxenxo na tempada de verán do ano 2015":*

1. *CONSTRUCCIONES TORRES BALBOA S.L: Lugar Casal S/N – 36969 Nantes (SANXENXO), Teléfono 986724540. "////////////////"*

Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requirida á empresa "CONSTRUCCIONES TORRES Y BALBOA, S.L.", en data 05/05/2015 (entrada nº 4318), **esta concellería propón:**

Adxudicar a execución das obras de "Acondicionamento das praias do Concello de Sanxenxo na tempada de verán do ano 2015", á empresa "CONSTRUCCIONES TORRES Y BALBOA S.L de acordo á oferta presentada, polo importe de CINCUENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS CON ONCE (56.872,11) Euros (IVE engadido), e unha duración de TRINTA (30) DÍAS. "////////////////"

Esta alcaldía, resolve:

Primeiro: Adxudicar as obras de "Acondicionamento das praias do concello de Sanxenxo na tempada de verán do ano 2015", á empresa "**CONSTRUCCIONES TORRES Y BALBOA, S.L.**", de acordo á oferta presentada, polo importe de CINCUENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS CON ONCE (56.872,11) Euros (IVE engadido), e unha duración de TRINTA (30) DÍAS.

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 17004/22706 por un importe de 56.872,11 Euros (IVE engadido).

Terceiro: *No prazo máximo de cinco (5) días hábiles* a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, *formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo*, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

Cuarto: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de *quince (15) días naturais* dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de *quince (15) días naturais* dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a doce de maio de dous mil quince.

A alcaldesa

Catalina González Bea

ante min, secretario xeral

Angel Luis López Pita